JUAN PABLO CASTILLO AMIGO (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 20/11/2026
HASH: b03a0bc871aa69def8ac3078bd1311a5

Jacobo Manuel Rayón Cedeira (2 para 2)
SECRETARIO-INTERVENTOR
Data de Sinatura: 20/11/2026
HASH: 3d337a1e07c18e6e6d07b43c946bf326

Expte. n.º: 1428/2026

DECRETO DE ALCALDÍA

D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO, Alcalde-Presidente do Concello de Covelo (provincia de Pontevedra), en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 61.1.s) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Considerando de interese para o Concello de Covelo, como ven facendo nos últimos anos, o recoñecemento á traxectoria de persoas ou entidades que leven a cabo proxectos destacados e relevantes para o Concello de Covelo e para Galicia.

Vistas as bases elaboradas para os "XII Galardóns Síntete Covelo 2026",

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria dos "XII Galardóns Síntete Covelo 2026".

Segundo.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebren.

Asinado electronicamente polo alcalde, do que eu como secretario-interventor, dou fe aos efectos exclusivamente do disposto no artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.

O alcalde	O secretario-interventor
Juan Pablo Castillo Amigo	**Jacobo Manuel Rayón Cedeira**

DECRETOS
Número: 2026-0623 Data: 20/11/2026

ANEXO

BASES

"XII GALARDÓNS SÍNTETE COVELO 2026"

Obxecto e ámbito de aplicación.

"XII Galardóns Síntete Covelo", ten a finalidade de facer público o recoñecemento á traxectoria de persoas ou entidades que leven a cabo proxectos destacados e relevantes para o noso concello e para Galicia. Terase en conta a súa contribución á creación, ó arte, á ciencia ou humanidades, ó deporte, ó medio ambiente e á conservación do noso entorno e paisaxe.

Cod. Validación: 6XN5MT94JG43JZJY6C9GCCKJY
Corrección: https://covelo.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

Participantes.

Será aberto a solicitude de presentación ás candidaturas presentadas por calquera persoa física, xurídica, asociación ou clube, propoñéndose a eles mesmos ou a outra candidatura.

Formato das candidaturas.

As candidaturas teranse que presentar mandando o informe de méritos polos seguintes medios á atención da concelleira de Cultura:

En soporte informático, a través do correo rexistro.covelo@fegamp.gal

- Por correo ordinario.
- Ou entregando nas oficinas do Concello de Covelo.

Deberán incorporar o seu curriculum ou memoria do seu percorrido e traxectoria, notas de prensa, entrevistas na radio ou televisión, vídeos, etc., que deberán aportar nun sobre onde se indiquen os datos da persoa, empresa, asociación ou clube que se propón para o "XI Galardóns Síntete Covelo".

Xurado.

O xurado estará formado por tres persoas, membros dos distintos partidos políticos do noso Concello, por partes iguais.

1. María de Lourdes Enes Fernández (ou persoa en quen delegue)
2. Belén Carballo Domínguez (ou persoa en quen delegue)
3. José Fernández Muradás (ou persoa en quen delegue)

O xurado será o encargado de estudar e valorar segundo a táboa do (Anexo 1) e puntuar, podendo conseguir un máximo de 30 puntos e en caso de empate, realizarase sorteo metendo os nomes nunha bolsa pechada e escollendo unha man inocente o día da entrega dos galardóns.

Criterios de valoración:

1. Empadroado ou con sede no Concello de Covelo.
2. Fomento do nome do noso pobo.
3. Fomento do nome de Galicia.
4. Fomento das tradicións galegas.
5. Valoración das contribucións á creación, arte, ciencia ou humanidades e tamén a nivel deportivo, tanto dentro do municipio, como a nivel nacional e internacional.
6. Traxectoria e recoñecementos nacionais e internacionais.
7. Proxectos e actuacións destinadas á conservación do medio ambiente, mellora e embelecer o medio rural e a paisaxe do noso concello.

As dúas candidaturas que obteñan a maior puntuación, serán as galardoadas, facéndolle entrega dunha placa conmemorativa e un agasallo representativo do Concello de Covelo nun acto público.

.

Datas importantes.

DECRETOS
Número: 2026-0623 Data: 20/11/2026

Cod. Validación: 6XN5MT94JG43JZJY6C9GCCKJY
Corrección: https://covelo.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

- **Venres 4 de decembro de 2026 ás 14:00 h**. remata o prazo de presentación de candidatos aos Galardóns; tódalas candidaturas presentadas fora desa data non serán avaliadas polo xurado.
- **Domingo 20 de decembro de 2026 ás 18:30 h**. entrega de galardóns no Auditorio Municipal de Covelo.

Aceptación das bases.

A participación e presentación da candidatura ó décimo certame de Galardóns Síntete Covelo, implica a aceptación de tódolos apartados das presentes bases.

Quedan excluídos de ser galardoados os familiares en primeiro grado dos membros do xurado.

Aplicación orzamentaria.

O gasto total máximo desta actividade é de dous mil cento corenta e un euros (2.141,00 €), que se imputará á partida orzamentaria 334.226,09.

(ANEXO I)
CRITERIOS DE VALORACIÓN

Candidato	**DNI ou CIF**
Domicilio	**Telf.**
Empadroado ou con sede no Concello de Covelo	(5 puntos)
Fomento do nome do noso pobo	(de 1 ata 5 puntos dependendo das veces)
Fomento do Nome de Galicia	(de 1 ata 5 puntos dependendo das veces)
Fomento das tradicións galegas	(de 1 ata 5 puntos dependendo das veces)
Valoración das contribucións a creación, arte, ciencia ou humanidades e a nivel deportivo, tanto dentro do municipio, como a nivel nacional e internacional.	(de 1 ata 5 puntos dependendo das veces)
Traxectoria e recoñecementos nacionais e internacionais.	(de 1 ata 5 puntos dependendo das veces)

DECRETOS Número: 2026-0623 Data: 20/11/2026

Cod. Validación: 6XN5MT94JG43JZJY6C9GCCKJY
Corrección: https://covelo.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3